

b) Definitiva: 5% do importe de adxudicación do contrato.

6. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO:

- a) Data de adxudicación: 15 de decembro de 2017.
 b) Contratista: NORPREVENCIÓN, S.L.
 c) Importe de adxudicación: 35.214,87 euros, aos que haberá que engadir 7.395,12 euros en concepto de IVE , o que ascende a un total de 42.609,99 euros.

7.FORMALIZACIÓN.

- a) Data de formalización: 21 de DECEMBRO de 2017
 b) Entrada en vigor: 01 de xaneiro de 2018

En Lugo, 26 de MARZO de 2018. -O PRESIDENTE. P.D. Decreto nº 0402/2017, de data 24-02-2017.- O DEPUTADO PROVINCIAL,Pablo Rivera Capón

R. 0891

CONCELLOS

ALFOZ

Anuncio

Aprobado inicialmente en sesión extraordinaria de Pleno deste Concello, de data 04 de abril de 2018, o Orzamento Xeral, Bases de Execución, e o persoal de persoal funcionario e laboral para o exercicio económico 2018, con arranxo ao previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, exponse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días desde a publicación deste anuncio, aos efectos de reclamacións e alegacións.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://concellodealfoz.sedelectronica.es>].

De conformidade co acordo adoptado o Orzamento considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non presenten reclamacións.

En Alfoz, a 5 de abril de 2018.- O Alcalde, Jorge Val Díaz

R. 0965

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

De conformidade cos artigos 112 da Lei 7/85, do 2 de abril e 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o 23 de febreiro de 2018, adoptou o acordo de aprobación inicial do Orzamento Xeral desta entidade para o exercicio económico de 2018, que resultou definitivo ao non se ter presentado reclamacións durante o período de exposición pública. Faise público que o Orzamento ascende, en ingresos e gastos á cantidade de UN MILLÓN OITENTA E TRES MIL OITOCENTOS OITENTA E TRES EUROS CON SESENTA E OITO CÉNTIMOS (1.083.883,68 €) correspondendo a cada capítulo as cantidades que a continuación se expresan, segundo o seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS

<u>CAPÍTULO</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>EUROS</u>
	OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Gastos de persoal	555.786,33
2	Gastos correntes en bens e servizos	354.350,00
3	Gastos financeiros	600,00
4	Transferencias correntes	27.716,00
5	Fondo de continxencia e outros imprevistos	0,00

OPERACIÓNS DE CAPITAL

6	Investimentos reais	142.950,70
7	Transferencias de capital	2.480,65
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
SUMA TOTAL GASTOS:		1.083.883,68 €

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	EUROS
OPERACIÓNS CORRENTES		
1	Impostos directos	181.456,44
2	Impostos indirectos	10.000,00
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	70.797,74
4	Transferencias correntes	774.409,50
5	Ingresos patrimoniais	2.140,00
OPERACIÓNS DE CAPITAL		
6	Alleamento de inversións reais	0,00
7	Transferencias de capital	45.080,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
SUMA TOTAL INGRESOS:		1.083.883,68 €

Subvencións nominativas

Aplicación orzamentaria	Beneficiario	Actividade subvencionable	Importe
323.48	CPI Poeta Uxío Novoneyra Q2768018J	Actividades complementarias e extraescolares 208	500,00
323.48	Asociación de Pais e Nais de Alumnos G27161249	Actividades 2018	2.716,00
432.48	Universidade de Santiago de Compostela Q1518001A	Curso de verán "Aproveitamento sostible de cogomelos (setas) comestibles" na Estación científica do Courel	500,00

Na referida sesión tamén se acordou aprobar o cadro de persoal desta Corporación que, de conformidade co que preceptúa o art. 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, se reproduce a continuación:

CADRO DE PERSOAL PARA O ANO 2018				
A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA				
	Nº plazas	Grupo	C.D.	Situación
Secretario-Interventor	1	A1	26	Titular en Comisión de Servizos
Traballador Social	1	A2	21	Vacante
Auxiliar administrativo Experto	1	C2	18	Propiedade
Oficial de Servizos Múltiples	1	C2	14	Vacante
B) PERSOAL LABORAL INDEFINIDO				
Denominación	Nº plazas	Situación		
Conserxe-Limpiadora colexio	1	Indefinido	Xornada Completa	
C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL				
Denominación	Nº plazas	Características		
Técnico Local de emprego	1	Temporal	Xornada completa	
Traballadora Social	1	Temporal	Xornada completa	

Auxiliar axuda no fogar	8	Temporal	Xornada completa
Peón Grupo Emerxencia Supramunicipal (Convenio)	6	Temporal	Xornada completa

Na referida sesión tamén se acordou aprobar a masa salarial do persoal laboral que ascende á cantidade de 269.319,39 euros de conformidade co disposto no artigo 103 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.

De conformidade co preceptuado no artigo 171.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, contra a aprobación definitiva do orzamento municipal poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na forma e prazos que establecen as normas da xurisdicción contencioso-administrativa.

Folgozo do Courel. 5 de abril de 2018.- A Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa

R. 0966

LOURENZÁ

Anuncio

CONVOCATORIA E BASES PERSOAL LABORAL TEMPORAL CONCELLO DE LOURENZA

Por resolución da Alcaldía de data 05/05/2018 apróbase A CONVOCATORIA E AS BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL DE: 1 TÉCNICO/A OU INFORMADOR/A DE TURISMO, 1 OFICIAL ELECTRICIDADE, 1 OFICIAL DE XARDINERÍA E DOUS PEÓNS DE LIMPEZA EN XERAL, PARA O CONCELLO DE LOURENZÁ, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN AO ABEIRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ASINADO ENTRE O CONCELLO DE LOURENZÁ E A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO (PROGRAMA DEPUEMPREGO)

A convocatoria e as bases aprobadas están publicadas na páxina Web do Concello de Lourenzá no seguinte enlace www.concellodelourenza.gal, no tablón de anuncios do Concello de Lourenzá e a disposición dos interesados nas Oficinas Municipais.

A convocatoria farase mediante presentación das correspondentes ofertas no Servizo Público de Emprego de Galicia.

En Lourenzá, a 05 de Abril de 2018.- A Alcaldesa, Rocio López García

R. 0968

MEIRA

Anuncio

En cumprimento do disposto no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas, na sesión celebrada o día 5 de abril de 2018, expónse ao público a Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2017, por un prazo de quince días, a contar dende a publicación no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales e oito máis os que se estimen interesados poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimen convintes.

Meira, 5 de abril de 2018.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez

R. 0967

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRÓN FISCAL TAXA RECOLLIDA DO LIXO 1º BIMESTRE DO EXERCICIO 2018 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Resolución de Alcaldía do día 23 de marzo de 2018 aprobouse o padrón da Taxa pola Recollida do Lixo do primeiro bimestre do exercicio 2018.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, notificáanse colectivamente os recibos derivados deste padrón